



**VIVENDA  
DIGNA,  
AXEITADA E  
ACCESIBLE**

**INFORME DE  
POSICIONAMENTO 2021**


EAPN Galicia. Rede Europea  
contra a Pobreza  
[Pobreza.gal](http://Pobreza.gal)



## Proceso do informe:




## Contidos do informe:



### Fase actual:

Traballo sobre as propostas e actualización diagnóstica

# Porque é unha emerxencia en Galicia?



*“A falla de vivenda digna e accesible está a impedir de facto o éxito da maioría de procesos e medidas de inclusión social. Ademais a emerxencia sanitaria, social e económica ocasionada pola COVID-19, empobrecerá drasticamente a milleiros de galegas e galegos, se non se actúa de xeito contundente baixo un enfoque de dereitos”*




# Aspiradora de rendas

## Elevado gasto en vivenda:

Prezo medio alugueiro 2020: 437,9€. Un 20.6% máis que no 2015 (Observatorio da Vivenda de Galicia). Un fogar con ingresos mensuais de ata 600€ gastou de media no 2019 un 39.7% da súa renda dispoñible ao pago de alugueiro (IGE).

O **53,3% das persoas en pobreza severa dedican máis do 40% da súa renda dispoñible** a gastos relacionados coa vivenda. E o 46,5% máis do 50%. (EAPN-ES, 2021)

## Precio medio dos alugueiros en Galicia



# Problemáticas concretas

## A faciana máis crúa da exclusión residencial:

- 1.263 persoas en situación de senfogarismo (Cruz Vermella 2017)
- 4% de fogares (aproximadamente 47.000) vivindo en estruturas temporais, chabolas, etc. – Vivenda inadecuada segundo tipoloxía ETHOS (FOESSA, 2018)
- O 28,6% das vivendas nas que residen persoas xitanas son infravivenda e o 13%, chabolas (FSG, 2018)

## Accesibilidade das vivendas (Fundación mdp, 2018):

100.000 persoas recluídas nos seus fogares en todo o estado (o 4% dos 2.5 millóns de persoas con algunha mobilidade reducida). O 42% pasan moitos días sen saír á rúa.

## Escasa capacidade de emancipación da xente nova (IGE):

- O 64,2% da mocidade entre 18 e 34 anos vive cos seus pais. Deles, o 63%, non se emancipa a pesar de contar con algún tipo de ingreso (o 47,3% destes procedentes do traballo remunerado).
- Idade media emancipación 2019: 32 anos.

## Desafiuzamentos (CGPJ, 2020):

O maior número de desafiuzamentos se producen derivados da Lei de Arrendamentos Urbanos (non pagamento do aluguer): 1.150 no 2020 (82,3% dos desafiuzamentos). Esta cifra diminuíu respecto do ano anterior, no cal se produciu o pico máis grande dende 2013 (1.800).

# Problemáticas concretas

**Parque de vivenda pública destinada ao alugueiro social** (Cuestionario sobre vivenda social 2019, MITMA):

- Na Unión Europea supón de media o 9% das vivendas principais
- En España supón o 0,96% (178.493 vivendas desta tipoloxía)
- En Galicia o 0,32% (3.534 vivendas titularidade da CCAA en réxime de alugueiro social)

## Vivenda Baleira:

299.396 vivendas deshabitadas (o 18,6%) (Censo de Poboación e Vivendas, 2011)

336.936 vivendas declaradas 'a disposición', é dicir, que non constitúen vivenda habitual nin tampouco se destinan ao alugueiro) (Axencia Tributaria, 2020).

**Condicións de habitabilidade** non dignas (IGE, 2020):

- O 8,49% manifestan sufrir falta de espazo (90.758 fogares)
- O 14,21%, deficiencias de illamento térmico ou acústico (151.844 fogares)
- O 22,24%, problemas de humidades (237.705 fogares). 30,27% naqueles que teñen ingresos de ata 1.000€.



**EMERXENCIA**

VIVENDA